Impreso por Joaquim Ventura Ruiz. Prohibida su reproducción.

Nº 475 ■ XOVES, 31 DE OUTUBRO DE 2013

Coordina: *Xosé Ramón Pena*

Faro da Cultura

Ulises (por fin!) canda nós

O galeguismo histórico e Joyce

JOAQUIM VENTURA

Un sistema literario constrúese coas obras creadas no ámbito lingüístico–territorial que nel se recoñecen, pero tamén coa incorporación á lingua que o articula de textos xerados noutros sistemas. Xa que logo, os clásicos universais. E tendo en contaeste esquema, o ámbito literario galego é máis rico coa tradución da novela de James Joyce que Editorial Galaxia vén de tirar do prelo. Por fin! poderíamos dicir.

Pero se antes houbo atrancos por parte do herdeiro, despois a denegación pola Xunta da subvención á tradución solicitada comprometía o proxecto. Finalmente, a editorial asumiu o custo cunha edición que aparece con vocación de achegarse a un público amplo e que se engade a outras obras de Joyce en galego: *Dublineses* (Xerais, 1990) e *Retrato do artista cando novo* (Laiovento, 1994).

O lector medianamente informado coñece o argumento do *Ulises* joycián, a súa estruturación e os recursos literarios empregados, xa que logo o monólogo interior. Por se non abondase, a linguaxe procaz constituíu un elemento fundamental, definitivo para que fose unha obra censurada durante moitos anos (paradoxalmente, non en Irlanda). En resumo e tomando a estrutura da *Odisea* homérica, a novela narra a peripecia de Leopold Bloom nun día concreto: o 16 de xuño de 1904 en Dublín.

Pero se hai un paradoxo ben coñecido (pero falso), tal consiste en que foi o galego o primeiro idioma ibérico ao que foron vertidos os primeiros anacos da novela, da man de Ramón Otero Pedrayo, publicados na revista *Nós* en 1926, catro anos despois da súa aparición en Francia. Mais en España a novela de Joyce non foi coñecida durante moito tempo. Aparecera unha edición en español en 1945 en Buenos Aires pero, obviamente, a súa chegada a España era impensable. Tivemos que esperar ata a sonada versión de J. M. Valverde en Lumen (Premio Nacional de Tradución 1978).

A crítica literaria galega non abordou o asunto da tradución de Otero Pedrayo ata 1976, cando Luís Mariño publicou «Joyce e Don Ramón» en *Grial* núm. 52. Coa eclosión da filoloxía inglesa e das novas teorías, o fío condutor fíxose máis visible grazas ás pescudas de X. González Millán e de Antón de Toro, entre outros. En paralelo, a crítica de brocha gorda seguía a dar por válido o axioma de que don Ramón foi o primeiro en España en traducir eses anacos do *Ulises*, directamente desde o orixinal inglés, e de facelo motu proprio. Afirmacións, non hipóteses, que aplicaban aos homes de Nós a consideración de verdadeiras antenas verbo da modernidade literaria europea do seu tempo.

Críticos que esquecían que A. Marichalar xa publicara en 1924 uns (outros) anacos na *Revista de Occidente* e que había indicios suficientes –comezando pola dúbida de se Otero Pedrayo tería competencia dabondo para traducir do inglés, cando nunca máis traduciu nada desde esta lingua– para resolver o máis que probable emprego de materiais intermedios chegados desde París con, iso si, un exemplar orixinal da novela.

> *En realidade, Otero Pedrayo verteu ao galego a versión francesa da novela*

Nunha demostración (a enésima) da preguiza acomodaticia que impera na crítica literaria galega (xa que logo, na máis galeguista), tiveron que ser dúas persoas externas a Galiza as que desen luz ao asunto (Kerry Ann McKevitt en *Fragmentos de Ulises, 1926,* Galaxia, 2003, e quen isto asina na súa tese de doutoramento lida en 1997) e demostrasen que Otero Pedrayo, neses anacos do *Ulises*, non fixo senón verter ao galego a versión francesa que lle chegara da man de Valéry Larbaud, xunto co artigo de Simone Téry –que Risco fusilou en *Nós*–. Aqueles galeguistas non entenderon a Joyce. Nin podían nin querían. Ou talvez por envexa Risco quixo redimilo en *Dedalus en Compostela*.

James Joyce (1882-1941).

FOTO: ELI REGUEIRA

ARTE: "VERANEANTES" NO MARCO / PÁX. III

ENTREVISTA CON JOSÉ RAMÓN CABANELAS / PÁX. V

CINEMA: ASASINATOS NO CENTRO DO PODER / PÁX. VIII